



# MEVADEUS

PRESENTA

## AGRO 5G

OBRA GAÑADORA DO XUVENTUDE CREA  
2021



**"TÓMANME DE BESTA QUE TIRA DO CARRO COAS SÚAS RISAS LIBERTINAS,  
SOSEGANDO DE MIN OS MEUS IMPULSOS, RIPANDO DE MIN OS MEUS SUSPIROS."**

TEASER



Duración: 60 '

Público: mozo adulto (+14)

Teatro xestual

# AGRO 5G

Nesta peza mergúllanse nunha análise sobre a búsqueda da identidade, desglosando a identidade das persoas e 3 piares: o individuo, o colectivo (pobo) e o social. "Orixinal é aquel que ten orixe", a mocidade galega precisa retornar e conectar coas súas raíces, e así comprender cara onde se dirixen neste presente tan tecnolóxico e globalizado. A equipa está integrada por persoas a Xeración Z (nados os catro entre 1997-1999), unha mocidade que recorda a súa infancia máis analóxica e que agora vese inmersa nunha realidade dixital na que se sente cómoda pero incompleta, inconforme.

Este proxecto tenta dar voz e movemento as historias que acontecían no rural galego e que se están a piques de esquecer polo paso do tempo. Sendo un espazo de reflexión sobre o que movía e segue a mover á humanidade. "O que dirán" é o motor de todo o espectáculo. Tratando dende a non heteronormatividade, ata o machismo, o peso das expectativas, a emigración, etc. Xorden catro personaxes que tentarán debuxar no espazo as súas historias.



# O ESPAZO SONORO

O espacio sonoro terá un papel protagonista nesta proposta partindo de cantigas recollidas por aldeas das serras do Courel e do Suído. As letras cargadas de dóbres sentidos que delatan tinturas paganas, letras que falan do sexo e da liberdade fronte o decoro relixioso imperante.

Todo é creado en directo mediante o uso dun looper, o son da pandeireta e as voces das intérpretes. Xerando deste xeito unhas atmosferas que sintúan ao espectador/a nun espazo onírico, coma se dun soño se tratara.



# O ESPAZO

O espazo no que se desenvolve toda a acción é dentro dun linóleo branco de (6 x 5,80 m) coma se fose o lenzo en branco no que as personaxes debuxan as súas historias coma se dun soño se tratara. A concepción dun espazo envolvente xera atmosferas inmersivas para a espectadora/o.

O emprego do plástico que rodea o linóleo fai que a escenografía sexa modificable conforme sucede o espectáculo xerando imaxes inesquecibles. Ademais o vestiario tan sinxelo con guiños ás vestimentas empregadas no pasado no rural galego, provoca unha sensación de achegamento do pasado á actualidade.




# MEVADEUS

Mevadeus é unha compañía de nova creación que nace da necesidade de catro profesionais que tras formarse na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESADg) e gañar o primeiro premio do Xuventude Crea 2021 de teatro coa peza "Agro 5G", deciden continuar investigando as artes do corpo e do teatro físico. Entre os seus últimos logros, cabe destacar o premio do público na categoría público adulto na programación de VigoCultura co novo espectáculo da compañía, *OUTRORA NÓS*, dirixida por Alba Villar.

A compañía busca en profundidade achegarse á esencia da natureza humana mediante a experimentación dos corpos e o espazo sonoro, utilizando instrumentos propios do folclore galego, a voz e gravacións documentais.

Mevadeus está formado por Bal Castro, Inés Santos, Brais Pombo e Mara Neira.



# EQUIPO

## BAL CASTRO

Actor formado en interpretación xestual na ESAD de Galicia.

Actualmente forma parte do elenco "Afectos" unha coprodución do Centro Coreográfico Galego coa compañía Kirenía Danza. Anteriormente tamén forma parte do elenco da peza "Primeiro a vida" de Kirenía Danza. No ano 2022 traballa no proxecto europeo "Antibullyng movement series erasmus" na cidade de Hildeshiem, Alemania. Tamén formou parte do elenco da produción do Centro Dramático Galego, *Serva me servabote* o cal se estreou en setembro de 2021.



## BRAIS POMBO

Actor formado en interpretación xestual na ESAD de Galicia. Estudou tamén na Janáček Academy of Music and Performing Arts en Brno, República Checa.

Gañador do Premio Fin de Carreira de Arte Dramática da Xunta de Galicia 2022 e do Primeiro Premio no Xuventude Crea de Música 2022 co seu proxecto musical *Faíscas*. No 2022 realizou prácticas na compañía belga Troubleyn Jan Fabre. En 2020 formou parte do espectáculo *When are we?* no Buran Teatr e no espectáculo de danza contemporánea *Masks* dirixido pola coreógrafa Uršula Teržan. En 2017 participou na performance *532 Pulsaciones* no museo MARCO de Vigo



## INÉS SANTOS

Actriz formada en interpretación xestual na ESAD de Galicia. Está representada pola axencia Aleteia Intérpretes.

No 2022 traballou no Balletatro de Porto coa coreógrafa Né Barros. Formou parte do festival "Escenas do Cambio" (2019), coa peza *O gatillo dá felicidade* coa compañía portuguesa Casa Branca. En 2019 foi seleccionada para a residencia de danza do festival Herdanza coa peza *Heterotopía non CGAC*.



## MARA NEIRA

Actriz formada en interpretación xestual na ESAD de Galicia. Está representada pola axencia Bateacast intérpretes.

No 2022 traballou no Balletatro de Porto coa coreógrafa Né Barros e acompaña diversos proxectos teatrais da man do director e actor portugués Tiago Sarmiento. Foi seleccionada no Encontro Teatral Bambalinas 2020 de Alemaña por Arteficio (performance), e colaborou con distintos proxectos de carácter audiovisual como "O sabor das Margaridas", ou a longametraxe de "Ti Primeiro" (2021), presentadora en Festeiros Tv, entre outros.



# FICHA ARTÍSTICA

Elenco

Bal Castro Inés Santos Brais Pombo Mara Neira


Dirección e dramaturxia: Mevadeus

Espacio escénico: Maria Torres e Carmen Casal

Iluminación: Maria Torres e Carmen Casal

Vestuario: Mevadeus



Espazo sonoro: Mevadeus









# RIDER TÉCNICO



Leyenda	
	Suelo: Linóleo blanco de 6 x 5,80 m
	Aforo: Tela tránlúcida

## NECESIDADES DEL ESCENARIO

ESPACIO ESCÉNICO	DIMENSIONES DE LA ESCENOGRAFÍA
Telón de fondo	8 x 4 m
Laterales	6 x 4 m
Suelo	Linóleo blanco de 6 x 5,80 m
Caja escénica	Negra
Varas	4 electrificadas (si es posible)

\* En caso de que el espacio no cuente con aforado o varas electrificadas modificaremos nostras el propio espectáculo. La iluminación será fija con algunos focos movibles por los propios intérpretes, solo será necesaria acordar con el encargado de sala una iluminación sencilla .

- SONIDO

Sistema P.A. estéreo, y o cableado pertinente.

# CONTACTO

[mevadeus@gmail.com](mailto:mevadeus@gmail.com)

MARA NEIRA: +34 604 05 26 53

BRAIS POMBO: +34 664 51 17 49

